

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

*Recurso de inconstitucionalidade número 1065-2010.*

O Pleno do Tribunal Constitucional, por auto do 30 de xuño actual, no recurso de inconstitucionalidade número 1065-2010, promovido polo avogado do Estado, en representación do presidente do Goberno, acordou: 1. Manter a suspensión do inciso «logo de autorización dos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa normativa vixente» do artigo 15 c) do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, na redacción dada a este polo artigo 2.tres da Lei 10/2009, do 30 de decembro; do inciso «entre os membros da propia asemblea xeral» do artigo 31 a) do Decreto lexislativo 1/2005, na redacción dada a este polo artigo 2.dez da Lei 10/2009, e do derradeiro parágrafo do artigo 35.3º do Decreto lexislativo 1/2005, na redacción dada a este polo artigo 2.trece da Lei 10/2009, do 30 de decembro. 2. Levantar a suspensión dos números cinco, sete, once e quince do artigo 2; dos números catro e cinco do artigo 3 e da disposición transitoria primeira, todos eles da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

Madrid, trinta de xuño de dous mil dez. A Secretaría de Xustiza do Pleno. Herminia Palencia Guerra.

Miguel Ángel Montañés Pardo  
Secretario xeral en funcións

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 10 de maio de 2010 pola que se declara a alleabilidade de dous inmobles da antiga Cámara Agraria Local de Meaño.*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dos inmobles das antigas cámaras agrarias locais ao abeiro do disposto na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 29 de decembro.

Unha vez desafectados do dominio público os inmobles da antiga Cámara Agraria Local de Meaño mediante o Decreto 53/2010, do 25 de marzo (DOG nº 70, do 15 de abril) e obtida a súa inscrición no correspondente Rexistro da Propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, procede declarar a súa alleabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do

12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o seu tráfico patrimonial.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase a alleabilidade dos inmobles que se describen a continuación:

1. Parcela situada na rúa do Salnés, nº 3 no concello de Meaño (Pontevedra), cunha superficie aproximada de 130 m<sup>2</sup> que, segundo o Rexistro da Propiedade, estrema: norte, con Virgilio Serantes Torres; sur, Valentín Vieitez Torres; leste, estrada de Samieira a Castrelo e oeste, Virgilio Serantes Torres.

Atópase inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados como predio nº 6.171, tomo 945, libro 74 e folio 55. Referencia catastral: 8094606NG1989S0001SB.

Valoración económica: 27.994,60 €.

2. Parcela situada na rúa Desiderio Dovalo, nº 1 no concello de Meaño (Pontevedra) cunha superficie aproximada de 302,5 m<sup>2</sup>, sobre a cal se levantou unha casa composta de planta baixa dedicada a almacén e planta alta a oficinas e servizos. Segundo o Rexistro da Propiedade estrema: norte, con estrada de Meaño a Dena; sur, Pablo Dovalo López; leste, Campo da Feira, propiedade do Concello de Meaño e oeste, Blandina Múñiz.

Atópase inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados como predio nº 5.439, tomo 945, libro 74 e folio 55. Referencia catastral: 8093907NG1989S0001TB.

Valoración económica: 125.539,68 €.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010.

P.D. (Orde 27-4-2009)

Rosa Mª Pedrosa Pedrosa

Secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para o Plan Renove de instalacións individuais domésticas de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2010 das axudas para a renovación dos equipamentos (IN411A-presentación electrónica).*

O aforro, a eficiencia enerxética, e a seguridade das instalacións de calefacción y quecemento de auga quente sanitaria constitúen un obxectivo tanto

da Xunta de Galicia como dos seus usuario e da sociedade en xeral.

Segundo os datos de que dispón a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas sobre o parque de equipamentos individuais de gas en Galicia, arredor do 30% dos aparellos analizados teñen máis de dez anos de antigüidade, polo que carecen dos dispositivos de seguridade indicados na Directiva 90/396/CEE do Consello, do 29 de xuño de 1990, e que o 85% dos aparellos son de circuíto aberto, o que os fai sensibles á ventilación do local onde están instalados, á presenza no mesmo local de aparellos de extracción mecánica de aire e á saída de produtos da combustión, aspectos todos eles aos que son menos sensibles os equipamentos de circuíto estanco.

A Consellería de Economía e Industria, en virtude do Decreto 324/2009, do 20 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, exerce as competencias da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial e enerxía.

Consonte esta exposición, destaca o interese xeral para Galicia da mellora tanto da seguridade como da eficiencia das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria, polo que se publica a seguinte orde para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a convocatoria para o ano 2010 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta orde tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de modo que as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de presentación na aplicación «Axudas virtual» e sen comparación con outras solicitudes, ata o esgotamento do crédito dispoñible. A elección deste procedemento de concesión de axudas vén xustificado polo feito de que os requisitos que se teñen que cumprir para a concesión da subvención están fixados de forma clara e regulada nesta orde, de tal maneira que non é adecuado á finalidade e ao obxecto da axuda establecer criterios de graduación entre os posibles beneficiarios.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas.

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión de axudas no marco do Plan Renove para a substitución de equipamentos (caldeiras ou quentadores) individuais de gas de circuíto aberto cunha antigüidade maior a quince anos por novos equipamentos individuais de gas de circuíto estanco e que cumpran coas exixencias do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, especialmente no relativo ao seu rendemento.

2. Así mesmo, para lograr a devandita substitución arbrátrase un programa de axudas para a adquisición dos novos equipamentos por parte dos propietarios de vivendas.

Artigo 2º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. Os formularios de solicitude de axudas regulados nesta orde deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática «Axudas virtual» (procedemento IN411A-presentación electrónica) dispoñible no seguinte enderezo da internet:

<https://axudasindustria.xunta.es/att>

Tamén se pode acceder, na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiae-industria.xunta.es> e no enderezo:

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN411A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse ao Servizo de Administración Industrial, a través do teléfono 981 54 43 88, do número de fax 981 95 71 92 ou do enderezo de correo electrónico [cei.dxi.axudas2010@xunta.es](mailto:cei.dxi.axudas2010@xunta.es), que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no DOG exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia logo de obter e cubrir os formularios de acordo co previsto neste artigo.

2. As solicitudes en formato papel, presentaranse preferentemente no Rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribese o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992).

As solicitudes tamén se poderán presentar en formato electrónico, en vez de en papel, ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a solicitante, cando non sexa

preciso achegar ningunha documentación en papel e teranse que cumprir os seguintes requisitos:

O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), ANCERT (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e BANESTO CA.

3. Xunto cos formularios de solicitude, deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 4.2º do anexo I de bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permítese anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

4. O prazo de presentación das solicitudes será ata o 15 de outubro de 2010.

#### Artigo 3º.-Solicitudes.

1. A data límite para a presentación das ditas solicitudes é o 15 de outubro de 2010, salvo que se produza o suposto de esgotamento de crédito previsto no artigo 1º punto 3 das bases reguladoras. Neste caso, informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través da publicación no DOG e na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

2. Necesariamente a execución do investimento subvencionable deberá realizarse unha vez que se notifique a correspondente resolución de concesión da axuda e non se aceptarán investimentos realizados con anterioridade.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de estimación das solicitudes da axuda.

1. As solicitudes da axuda serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da data de presentación das solicitudes.

2. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo que ten o código IN411A-presentación electrónica, poderase

obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (economiaeindustria.xunta.es), na súa epígrafe de axudas.

b) O teléfono 981 54 43 88 e o fax 981 95 71 92 da devandita dirección xeral.

c) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde todo o Estado 902 12 00 12).

A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exigencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, porén, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificio administrativo San Caetano s/n-15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

#### Disposicións derradeiras

##### Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

##### Segunda.-Xestión do crédito.

A xestión dos créditos incorporados nesta convocatoria será realizada de forma centralizada pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

##### Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

*ANEXO I***Bases reguladoras para a concesión de axudas do Plan Renove de instalacións domésticas individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se procede a convocatoria para o ano 2010 das axudas para a renovación dos equipamentos***Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.*

1. Este anexo ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das axudas do programa de renovación, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dos equipamentos domésticos (caldeiras ou queimadores) individuais de gas de circuíto aberto cunha antigüidade maior a quince anos por novos equipamentos individuais de gas de circuíto estanco e que cumpran coas exixencias do Real decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (en diante RITE), especialmente no relativo ao seu rendemento.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º desta lei.

3. A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario, e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración publicará no DOG a indicada circunstancia ademais de publicalo na páxina web da Consellería de Economía e Industria, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

*Artigo 2º.-Financiamento.*

1. As axudas outorgaranse ata esgotarse as disponibilidades orzamentarias aprobadas e financiaranse con cargo á partida 08.04.732-A.780.0, Plan Renove de instalacións domésticas de gas, cun crédito de 499.000 euros, previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2. Para os efectos desta orde, entenderase como investimento subvencionable, o custo do novo

equipamento (caldeira ou queimador) e aqueles custos necesarios para a súa substitución. No caso de edificios de vivendas en que a evacuación dos gases se realice a través dunha cheminea común que non resulte adecuada á nova caldeira obxecto da reforma, tamén se considerarán investimento subvencionable a substitución ou a instalación dunha cheminea adicional, que deberá executarse de xeito que cando outras vivendas do mesmo edificio procedan á reforma da súa instalación térmica poidan servirse dela. Estas chemineas deberán ser adecuadas para a instalación de caldeiras de condensación. Cando non se dispoña de condutos de evacuación a cuberta, e no caso de se dar as circunstancias indicadas na IT 1.3.4.1.3.3 do RITE, só poderán evacuar por conduto de saída directa ao exterior ou a patio de ventilación no caso de se instalar caldeiras individuais con emisións de NOx de clase 5.

3. A axuda acadará o 30% do investimento subvencionable, cun límite máximo de 1000 € (mil euros) no caso de substitución de equipamentos (caldeiras ou queimadores). Se se trata da substitución ou a instalación dunha cheminea segundo o indicado no punto anterior, a axuda será de 250 € (douscentos cincuenta euros) por cada caldeira conectable á nova cheminea, cun máximo de 1.500 € (mil cincocentos euros) por cada cheminea que instale a comunidade de propietarios. O imposto sobre o valor engadido (IVE) será subvencionable nos termos previstos no punto 8 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As axudas recollidas nesta orde serán incompatibles con calquera outro tipo de axuda pública ou privada que poida recibir o beneficiario para a adquisición do mesmo investimento.

*Artigo 3º.-Beneficiarios.*

1. Poderán solicitar e beneficiarse das axudas a que se refire esta orde:

a) Os propietarios de vivendas situadas na Comunidade Autónoma de Galicia que procedan a renovar o equipamento obxecto da subvención.

b) As comunidades de propietarios nas cales se proceda a substitución ou a instalación dunha cheminea nas condicións indicadas no punto 2 do artigo 2º. Neste caso farase constar na solicitude os compromisos asumidos por cada membro da comunidade, os cales terán do mesmo xeito a condición de beneficiarios. De conformidade co artigo 13.3º da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, o/a presidente/a terá a representación da comunidade neste procedemento con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle correspondan á comunidade. Non se poderá disolver a comunidade ata que transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 a 63 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de concesión das axudas presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. A documentación que se xuntará coa solicitude será a seguinte:

A) Comunidades de propietarios (chemineas):

a) Copia do DNI ou NIE do presidente da comunidade.

b) Copia da acta de constitución da comunidade de propietarios coa relación de propietarios e a determinación da cota de participación respectiva.

c) Copia da acta onde se nomee o presidente da dita comunidade que debe coincidir co solicitante, ou certificación do administrador de predios que leve esa comunidade.

d) Certificación do acordo adoptado por unanimidade pola correspondente comunidade de propietarios aceptando as bases da convocatoria, comprometéndose á execución das respectivas obras e facultando o presidente ou administrador de predios para formular a solicitude de subvención.

e) Certificación do presidente da comunidade, secretario ou administrador, acreditando o número de caldeiras conectables e para subvencionar que se conectarán á nova cheminea, indicando nome, apelidos e NIF ou NIE dos solicitantes destas últimas.

f) Modelo de aceptación de condicións polo usuario (anexo III). O cal comprende: declaración doutras axudas, de coñecemento das causas de reintegro da axuda e de que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Datos e características do equipamento que se pretende substituír e do novo equipamento.

h) Orzamento detallado das actuacións coa correspondente desagregación do IVE.

B) Vivendas (caldeiras ou quentadores):

a) Copia do NIF ou NIE.

b) Modelo de aceptación de condicións polo usuario (anexo III). O cal comprende: declaración doutras axudas, de coñecemento das causas de reintegro da axuda e de que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Datos e características do equipamento que se vai substituír e do novo equipamento.

d) Documentación acreditativa da antigüidade do equipamento que se vai substituír. A antigüidade do equipamento poderá acreditarse achegando a copia da autorización de funcionamento da instalación, ou

a chapa identificativa do equipamento (unicamente se figuran nela con total claridade e perfectamente definidos a marca, o modelo e a data de fabricación), ou cun certificado emitido polo fabricante do equipamento en que se faga constar que o período de fabricación do modelo que se pretende substituír rematou fai máis de quince anos.

e) Copia da escritura da vivenda a nome do solicitante, ou recibo do imposto de bens inmoables (IBI) a nome do solicitante.

f) Orzamento detallado das actuacións coa correspondente desagregación do IVE.

3. O DNI e o NIE poderá considerarse como información accesible cando o solicitante autorice nos formularios normalizados de solicitude que o órgano xestor poida obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos identificativos necesarios (NIF, apelidos e nome ou razón social, e domicilio fiscal), en lugar de presentar os ditos documentos, comprobando que os datos declarados polo solicitante son exactos. Este dereito pode exercerse de acordo co disposto no artigo 6.2º b) e no artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

#### Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación das solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. No caso de que algúns dos documentos que se deban presentar estean xa en poder da Administración, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

3. Segundo o indicado no artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social y a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. No caso de persoas físicas, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a

protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas salvidades excepcións nas leis.

#### Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución dos procedementos e correspóndelle ao conselleiro de Economía e Industria ditar as resolucións.

#### Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Nese requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución. Este requirimento de emenda tamén se fará se fose necesario achegar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, ou nos supostos de que das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.3º destas bases se obtivese un resultado negativo da información consultada, non fose válida, con erros ou esta non existise nos termos identificados inicialmente polo solicitante. Nestes casos o solicitante deberá contestar o requirimento achegando esa documentación orixinal ou copia compulsada.

2. Sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria e se cumpra o indicado nas bases desta orde procederase á estimación das solicitudes e á concesión da axuda. Atenderanse as solicitudes seguindo a orde de presentación ata esgotar o crédito dispoñible.

3. No momento en que a consellería esgote a consignación orzamentaria establecida no artigo 2º destas bases, porao en coñecemento xeral a través da páxina web oficial da consellería indicada no artigo 5 e publicarao no *Diario Oficial e Galicia*. A partir do dito momento non se poderán presentar novas solicitudes. As presentadas con posterioridade ao esgotamento do crédito serán desestimadas.

4. A data de concesión da axuda poderá ser verificada en todo momento na páxina web da consellería.

#### Artigo 8º.-*Audiencia.*

1. Prescindirase do trámite de audiencia xa que non figuran no procedemento nin se terán en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

2. A supresión do trámite de audiencia acelerará o procedemento e non produce indefensión do interesado posto que cumpridas as condicións para se converter en beneficiario segundo as bases reguladoras, entregadas as solicitudes, e emendadas, se é o caso, non hai ningunha consideración adicional que poida afectar a resolución.

#### Artigo 9º.-*Resolucións.*

1. Entregadas as solicitudes, comprobadas e emendadas, se é o caso, o conselleiro ditará a correspondentes resolucións.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir da presentación da solicitude de subvención polo interesado nun rexistro válido. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada.

4. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

5. No caso de comunidades de propietarios a resolución fará constar os compromisos de execución asumidos por cada membro dela, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, os cales terán do mesmo xeito a condición de beneficiario que a comunidade en que se inclúen.

#### Artigo 10º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior

de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-*Modificación das resolucións.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

-Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

-Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

-Que nos novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da subvención.

3. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na lei.

Artigo 12º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días desde a notificación desta sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. En caso de renunciar á subvención, o beneficiario deberá xustificar a causa da renuncia. A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-*Desenvolvemento dos proxectos.*

1. Unha vez comunicada a concesión da axuda, o beneficiario desenvolverá o proxecto subvencionado integramente.

2. O beneficiario deberá realizar o pagamento íntegro da factura mediante pagamento bancario (tarxeta de débito ou crédito), transferencia ou ingreso bancario, en que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e, de ser o caso, o seu concepto. Outras formas de pagamento en efectivo non se considerarán válidas para os efectos de xustificación, nin os pagamentos mediante arrendamento financeiro (*renting, leasing, etc*), obriga de pagamento ou talón.

3. Calquera modificación sobrevida nos datos incluídos na solicitude de axuda (por exemplo, erro nos datos do beneficiario, nos importes, no equipamento que se vai subvencionar, etc), implica a necesaria anulación da solicitude e debe dar lugar á presentación dunha nova solicitude.

Artigo 14º.-*Xustificación das axudas.*

1. Previo ao pagamento, a actividade subvencionada deberá ser axeitadamente xustificada, a documentación xustificativa da subvención presentarse en calquera dos rexistros indicados no artigo 2 da convocatoria, dirixirse á Consellería de Economía e Industria-Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, e comprenderá segundo os casos, a seguinte:

a) Declaración que recolla todos os datos do solicitante e do proxecto, e na cal se faga constar que se cumpren todos os requisitos para a concesión da axuda establecidos nesta orde.

b) Facturas orixinais ou copias compulsadas correspondentes ao investimento e documentación xustificativa do pagamento realizado. Neste caso terase en conta especialmente o indicado no artigo 13.2º.

c) Certificación bancaria acreditativa da titularidade e identificación da conta para o pagamento da axuda, na cal consten o ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

d) No caso de caldeiras, documentación acreditativa da inscrición perante o correspondente departamento territorial da Consellería de Economía e Industria do novo equipamento ou, no caso de non dispoñer dela na data en que finalice o prazo para xustificar o investimento, documentación acreditativa de tela solicitada, estando obrigado a achegala en canto se dispoña dela.

e) Se procede, no caso de edificios de vivendas en que a evacuación dos gases se realice a través dunha cheminea común, memoria realizada polo instalador na cal se xustifiquen as razóns técnicas que fan necesaria a substitución da cheminea ou a instalación dunha cheminea adicional para lograr unha correcta adaptación da saída de gases común aos equipamentos estancos. Ademais, será necesario xuntar o certificado da cheminea segundo o indicado no punto 3.4 da ITC-IC-07-Instalacións receptoras de combustibles gaseosos.

f) No caso de edificios de vivendas en que se aproveite a cheminea existente para a evacuación dos gases da nova caldeira, certificado emitido polo instalador no cal se indique e se xustifique tecnicamente que a saída de gases común funciona correctamente cos equipamentos instalados.

2. O prazo máximo para xustificar os proxectos subvencionables será do 30 de novembro.

3. A consellería poderá solicitar do beneficiario calquera información complementaria que poida considerar durante a tramitación da orde.

4. A falsidade ou inexactitude nos datos recollidos nas certificacións poderá dar lugar á anulación da axuda, así como á aplicación do réxime sancionador previsto na normativa de aplicación en materia de subvencións públicas.

5. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que o beneficiario a presente perante o órgano administrativo competente, este requirirá para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste punto comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvenciones de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste punto non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

#### Artigo 15º.-*Pagamento das axudas.*

1. Recibida a documentación xustificativa no prazo indicado no seguinte punto, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas procederá á súa análise e comprobará a súa adecuación e validez.

2. Atenderanse, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dentro da vixencia da orde, os proxectos xustificados convenientemente ata o 30 de novembro de 2010.

3. A consellería poderá verificar presencialmente ou polos medios que considere oportunos que o proceso se levou a cabo segundo o establecido.

4. Comprobada a documentación e o proceso, se procede, a dirección xeral realizará a proposta de pagamento.

#### Artigo 16º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como daqueloutras específicas que se indiquen no anexo desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigados a:

a) Os beneficiarios facilitarán toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

b) A falsidade ou inexactitude nos datos e documentos presentados polos beneficiarios dará lugar á revogación da axuda e no caso de que o pagamento xa tiver lugar ao seu reintegro, así como á aplicación do réxime sancionador previsto na normativa en materia de subvencións públicas.

c) Así mesmo, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### Artigo 17º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei, nos artigos 37 e seguintes.

2. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 18º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece no título III a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo ao control financeiro de subvencións. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### *Disposición adicional*

##### *Única.-Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo ao control financeiro de subvencións, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007 e o resto da normativa de aplicación.

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE AXUDA PARA RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DOMÉSTICOS INDIVIDUAIS DE GAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN411A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO TITULAR**

NOME DO TITULAR		NIF/NIE	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)		CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DA INSTALACIÓN**

ENDEREZO DA INSTALACIÓN (RÚA, NÚMERO E PISO)		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
TIPO INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> CALDEIRA <input type="checkbox"/> CHEMINEA <input type="checkbox"/> QUENTADOR			
MARCA DO EQUIPAMENTO QUE SE VAI SUBSTITUÍR		MODELO DO EQUIPAMENTO QUE SE VAI SUBSTITUÍR	
MARCA DO EQUIPAMENTO NOVO	MODELO DO EQUIPAMENTO NOVO	RENDEMENTO (NO CASO QUE CORRESPONDA)	
TIPO DE INSTALACIÓN (NO SEU CASO)			INVESTIMENTO TOTAL SUBVENCIONABLE (CON IVE)
<input type="checkbox"/> ESTANCO <input type="checkbox"/> ESTANCO-BAIXA TEMPERATURA <input type="checkbox"/> ESTANCO-CONDENSACIÓN			

**DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR**

COMUNIDADES DE PROPIETARIOS (CHEMINEAS)	VIVENDAS (QUENTADORES OU CALDEIRAS)
<input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE do presidente da comunidade. <input type="checkbox"/> Copia da acta de constitución da comunidade de propietarios coa relación de propietarios e a determinación da cota de participación respectiva. <input type="checkbox"/> Copia da acta onde se nomee o presidente da dita comunidade. <input type="checkbox"/> Certificación do acordo adoptado por unanimidade pola correspondente comunidade de propietarios aceptando as bases da convocatoria, comprometéndose á execución das respectivas obras e facultando o presidente ou administrador de predios, para formular a solicitude de subvención. <input type="checkbox"/> Certificación do presidente da comunidade, secretario ou administrador, acreditando o número de caldeiras conectables e a subvencionar que se conectarán á nova cheminea, indicando nome, apelidos e NIF ou NIE dos solicitantes destas últimas. <input type="checkbox"/> Modelo de aceptación de condicións polo usuario (anexo III). <input type="checkbox"/> Datos e características do equipamento que se vai substituír e do novo equipamento. <input type="checkbox"/> Orzamento detallado das actuacións e coa correspondente desagregación do IVE.	<input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE do titular. <input type="checkbox"/> Modelo de aceptación de condicións polo usuario (anexo III). <input type="checkbox"/> Datos e características do equipamento que se vai substituír e do novo equipamento. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa de que a antigüidade do equipamento é de máis de quince anos por calquera dos medios indicados nas bases reguladoras. <input type="checkbox"/> Copia da escritura da vivenda, ou recibo do imposto de bens inmobles (IBI) a nome do titular. <input type="checkbox"/> Orzamento detallado das actuacións e coa correspondente desagregación do IVE

O solicitante declara que coñece o seu dereito a non presentar DNI o NIE no caso de que autorice o órgano xestor a obter os datos identificativos (NIF, nome e apelidos ou razón social, e domicilio fiscal) da AEAT, de acordo co disposto nos artigos 6.2º b) e 9 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, polo que:

- SI autoriza a obtención de datos identificativos da AEAT e non presenta DNI ou NIE  
 NON autoriza a obtención de datos da AEAT e presentará os documentos ou identificará outros medios de acceso.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para o Plan Renove de instalacións individuais domésticas de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2010 das axudas para a renovación dos equipamentos. (IN411A-presentación electrónica). - Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. - Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO INTERESADO Lugar e data _____ de _____ de _____		

## ANEXO III

## MODELO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN POLO USUARIO

Don/Dona  con NIF

- no meu nome  
 no nome da comunidade de propietarios que represento.

**DECLARA:**

- 1.- Que desexa acollerse ás axudas establecidas na orde de concesión de axudas da Consellería de Economía e Industria para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, do \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.
- 2.- Que non está incurso (o propietario no caso de vivendas e os propietarios e a comunidade no caso de ser unha comunidade de propietarios) en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.- Que coñece as causas de reintegro de axudas públicas nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4.- Que non ten solicitado nin recibido ningunha axuda de ningún organismo público ou privado para este proxecto, que ten a obriga de comunicar á consellería a concesión de calquera axuda para o mesmo investimento e que coñece que esta axuda non é compatible con outras.

E para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura:

*Orde do 12 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 6 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (códigos de procedemento IN841A, IN841B, IN841C, IN841D e IN841E).*

Pola Orde do 6 de xullo de 2010 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria de subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Co obxecto de lograr unha maior eficacia na xestión dos procedementos das subvencións que se regulan nesta orde de convocatoria de axudas, cómpre introducir nela unha modificación, polo que

**DISPOÑO:**

## Artigo 1º

Modificación da Orde do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano